

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES 2021

Co obxecto de promover e manter unha das festas tradicionais, o Concello de Santiso organiza un Concurso de Disfraces. Será online debido a pandemia.

Para fomentar a participación convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Concello ou enviála por correo electrónico ó departamento de cultura (teresa.mato@santiso.gal) antes do día **4 de febreiro.**

No momento da inscrición deberase indicar a modalidade e o lema para a identificación.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

SEGUNDA: Habará dúas modalidades repartidas en individual e grupos.

1. Grupo: Considéranse grupos o conxunto de varias persoas. (*)
2. Individual adulto e/ou infantil: Nesta modalidade poderán participar persoas de de todas as idades. A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

TERCEIRA: Os premios establecidos polo Departamento de Cultura son:

Grupo:

Premio: Unha cesta con produtos típicos do Entroido

Individual adulto e/ou infantil:

Premio: Unha cesta con produtos típicos do Entroido

CUARTA: A cualificación das distintas modalidades será determinada por un xurado que estará composto da seguinte maneira:

- 1.- Responsable do departamento de Cultura.
- 2.- Responsable do departamento de Deportes.
- 3.- Responsable do servizo de Orientación Laboral..

QUINTA: O xurado valorará en cada unha das categorías os seguintes criterios e coa seguinte puntuación:

- Orixinalidade do vestiario: Ata 2 puntos
- Emprego de materiais de refugallo ou feitos a man: Ata 2 puntos.
- Maquillaxe: Ata 1 punto.
- Simpatía: Ata 1 punto.
- Incidencia no noso perfil de facebook:

De 0 a 50 “gústame”: Ata 2 puntos.

De 50 a 100 “gústame”: Ata 3 puntos.

Máis de 100 “gústame”: Ata 4 puntos.

SEXTA: Os grupos e persoas participantes deberán, previa inscrición feita de acordo coa base 1ª, **enviar as fotos ou vídeos** o correo electrónico teresa.mato@santiso.gal ou ao servizo de avisos de whatsapp antes do día **10 de febreiro** e posteriormente eses arquivos publicaranse no facebook do concello para conseguir a votación popular que despois valorará o xurado.

SÉTIMA: Para poder participar no concurso **débese estar empadroadado en Santiso**, xa que esta é unha actividade dirixida principalmente aos veciños e veciñas de Santiso co fin de fomentar a súa participación nos eventos organizados polo concello.

OITAVA: A participación no concurso supón a **aceptación destas bases**, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumpran cos requisitos mínimos de calidade.

(*) É obrigatorio cumprir as medidas vixentes en cada momento da situación sanitaria impostas pola Consellería de Sanidade.



CONCELLO
DE SANTISO

CONCURSO DE DISFRACES 2021

DATOS DO/A REPRESENTANTE:

Nome: _____

N.I.F.: _____

Enderezo: _____

Teléfono-s: _____

Correo Electrónico: _____

CARACTERÍSTICAS DOS PARTICIPANTES

INDIVIDUAL GRUPO

Nome do disfraz _____

O/a que asina é coñecedor-a e acepta as Bases que rexen este concurso de disfraces de Entroido do Concello de Santiso.

En Santiso a _____ de _____ de 2021.

Asinado: